

010036 18.10.2012 12:33

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE DE ESTUDIANTES PARA Á REALIZACION DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS EUROPEAS A TRAVES DO PROGRAMA ERASMUS –PRACTICAS Curso 2012-2013

Obxecto

Esta convocatoria realizase no marco do Programa Erasmus, e ten por obxecto ofertar prazas destinadas á mobilidade de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para realizar prácticas en:

- empresas,
- centros de formación,
- centros de investigación ou
- outras organizacións en Europa.

Non se consideran entidades de acollida elixibles os seguintes tipos de organizacións:

- Institucións oficiais da UE
- Organizacións encargadas de xestionar programas da UE
- A representación diplomática do país do estudante no país de acollida

Axudas

O número de bolsas ofertadas é de 16

A axuda cubre parcialmente conceptos de manutención, aloxamento, seguro, e viaxe, sendo financiados con fondos do programa Erasmus. O importe será de 300 euros/mes (ou fracción correspondente cando a estadía inclúa meses incompletos). A bolsa cubrirá un máximo de 3 meses para cada alumno. O pagamento da axuda realizarase segundo o seguinte calendario:

80% do total da axuda efectuarase nos 45 días posteriores á sinatura do Convenio de Subvención de Mobilidade efectuarase mediante transferencia bancaria á conta da bolseira ou bolseiro.

20% da axuda restante efectuarase unha vez que finalice a mobilidade e o estudante presente todos os xustificantes, certificados e informes que se lle solicitan.

Empresa de acollida

O estudante deberá propoñer unha empresa, centro de formación, ou centro de investigación de calquera país membro da UE, países da AELC/EEE (Islandia, Liechtenstein, Suíza e Noruega) ou países asociados (Croacia, e Turquía), da súa elección para a realización das prácticas.

Para facilitar esta búsqueda o SRE de Lugo preparará para cada candidato que a solicite, unha carta-presentación individualizada. O estudante poderá enviar a carta xunto co seu curriculum ás empresas que lle interese. Recoméndase usar o modelo de curriculum Europass <http://europass.cedefop.europa.eu/es/home>

Os seguintes enlaces ofrecen oportunidades para buscar unha estadía de prácticas en Europa:

- <http://www.recruitingerasmus.com/>
- <http://www.universia.es/estudiantes-graduados>
- <http://www.placement-uk.com/>
- <http://ec.europa.eu/social/yourfirsteuresjob>

Duración do período de prácticas

O período de prácticas no estranxeiro terá unha duración mínima de 3 meses e máxima de 6 meses, e deberá realizarse nunha empresa elixible¹ de calquera país membro da UE, países da AELC/EEE (Islandia, Liechtenstein, Suiza e Noruega) ou países asociados (Croacia, e Turquía).

As estadias poderán iniciarse ao longo do curso 2012-13 de acordo co plan de estudos do alumno e terán que estar rematadas EN TODO CASO antes do 30 de setembro de 2013.

Requisitos dos estudantes

Poderán optar ás prácticas os estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- i. Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no Programa Erasmus ou estar recoñecido polo país no que reside como refuxiado, apátrida ou residente permanente.
- ii. Estar matriculado nun programa de estudos oficial da USC, incluídos os estudos de Posgrao e Doutoramento, tanto no momento de presentar a solicitude como **durante todo o período de prácticas.**
- iii. Ter superado, como mínimo, o 50% dos créditos correspondentes á súa titulación.
- iv. Acreditación do coñecemento do idioma requerido pola empresa do destino
- v. Non ter participado con anterioridade nos programas Erasmus Prácticas, ou Europracticum- "Leonardo da Vinci."
- vi. Serán excluídos de oficio do proceso de selección aqueles candidatos que, resultando seleccionados en anteriores convocatorias de mobilidade Erasmus do SRE, no presentaran en prazo ou forma a súa aceptación ou renuncia formal.
- vii. Esta bolsa é compatible con outras de distinta natureza que disfrute o alumn@

Recoñecemento académico

Os estudantes deben de matricularse no período de prácticas **antes de comezalo**, segundo o disposto no Regulamento de Prácticas da USC.

O período de prácticas no estranxeiro debe constituir unha parte integrante do programa académico da USC, ou un complemento práctico ao plan de estudos

As prácticas serán recoñecidas e incluíranse no expediente académico do estudante segundo o disposto no Regulamento de Prácticas da USC.

No caso de que o período de prácticas non forme parte do plan de estudos do estudante, a institución de orixe debe recoñecer este período como mínimo facendo constar a devandita información no Suplemento Europeo ao Título.

¹ Considerarase elixibles como empresas de acollida a todas aquelas entidades que cumpran a definición de empresa. Por "empresa" enténdese calquera entidade que desempeñe unha actividade económica no sector público ou privado, independentemente do seu tamaño, o seu estatus xurídico ou do sector económico no que exerza a súa actividade, incluída a economía social (base legal. Art.2, nº25). As Insititucións de Educación Superior, centros de investigación y asociaciones dedicadas regularmente a unha actividade económica están incluídas nesta definición.

O recoñecemento unicamente poderá ser rexeitado se o estudante non alcanzase o nivel profesional requirido pola empresa de acollida.

Acordo de formación

O Acordo de Formación individualizado para cada estudante constitúe a principal garantía do programa de prácticas Erasmus e obriga ao estudante a respectar as normas vixentes na institución ou empresa de destino e cumprir cos compromisos adquiridos a través do Compromiso de Calidade en canto ao programa acordado durante a súa estadía na empresa de destino.

No acordo debe detallarse o programa de tarefas ou de traballo que se levará a cabo, os resultados da aprendizaxe en materia de coñecementos, (ECTS) as competencias e capacidades que deben adquirirse, as disposicións relativas á titoría e a correspondencia do período de prácticas realizado coa titulación que estea realizando o estudante.

O Acordo de Formación e o Compromiso de Calidade están disponibles nos Anexos da Convocatoria. Modelos do acordo en outras linguas atópanse na web:<http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/erasmus/documentos.html> (Anexo V, V.1.b) O Acordo debe asinarse antes de comezar o período de prácticas, polo estudante, a empresa ou institución de acollida, o coordinador de prácticas do centro da USC e o coordinador institucional (xefe de servizo de Relacións Exteriores).

As posibles modificacións do Acordo deben realizarse no prazo dun mes a partir da chegada do estudante ao seu destino requirindo o consentimento expreso de cada un dos partes asinantes.

Procedemento de solicitude

1) Lugar e prazo de presentación de solicitudes

- a) O prazo de presentación de solicitudes vai dende o 26 de outubro ata o 2 de xaneiro.
- b) A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda de Bernardino Pardo Ouro s/n, Lugo). Tamén poderán presentarse nas formas e lugares establecidos na lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- c) As solicitudes dirixiranse á Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización mediante formulario normalizado (Anexo I) asinado polo estudante e polo Responsable Académico de Mobilidade do seu Centro

2) Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Carta de motivación e plan de traballo: máximo 2 folios, libre redacción do alumno.
- b) Carta ou email de aceptación da empresa de destino, indicando
 - i) as datas previstas para a realización da actividade,
 - ii) as tarefas a desenvolver na empresa,
 - iii) se será necesario contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil para a actividade proposta,
 - iv) O idioma requirido pola empresa, e o nivel (B1, B2 etc)

- c) Certificación/Extracto do banco/caixa co número de conta (C.C.C.) na que desexan que se lles ingrese a axuda económica. A entidade bancaria deberá radicar en territorio español e o candidato ser titular da conta.
- d) Acreditación do coñecemento do idioma requerido pola empresa do destino. Os Certificacións ou títulos recollidos no Anexo II desta convocatoria (nivel B1 ou superior, de conformidade co marco de referencia europeo) serán tidos en conta na avaliación da solicitude (véase o apartado Selección).

3) Admitidos e excluídos

Despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, publicarase nos taboleiros de anuncios da Reitoría e do Servizo de Relacións Exteriores do Campus de Lugo, así como na páxina web da USC Internacional, http://www.usc.es/es/goberno/vrrelins/portal_internacional/index.jsp a relación de aspirantes admitidos e excluídos.

Para emendar os defectos da publicación anterior os aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

Selección

A selección dos solicitantes levarase a cabo por unha comisión configurada para tal efecto, formado polo Vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización ou persoa en quen delegue, o responsable do Servizo de Relacións Exteriores e un técnico superior do mesmo Servizo. Esta comisión terá como prioridade para a concesión da axuda os seguintes criterios:

- A nota media simple actual do alumno.
- A calidade da carta de motivación e plan de traballo.
- O nivel de coñecemento do idioma requerido. No caso de achegar certificacións ou títulos recollidos no Anexo II desta convocatoria (nivel B1 ou superior, de conformidade co marco de referencia europeo) o coñecemento de idioma será cualificado do seguinte xeito:
 - Certificados que acrediten nivel B1: 5
 - Certificados que acrediten nivel B2: 6,66
 - Certificados que acrediten nivel C1: 8,33
 - Certificados que acrediten nivel C2: 10

Concesión e Publicación das axudas

Unha vez realizado o proceso de selección, farase pública a listaxe provisional de seleccionados e a de candidatos en lista de agarda nos taboleiros de anuncios da Reitoría e do Servizo de Relacións Exteriores do Campus de Lugo, así como na páxina web da USC Internacional, http://www.usc.es/es/goberno/vrrelins/portal_internacional/index.jsp.

Contra esta listaxe o alumnado disporá dun prazo de sete días naturais para presentar reclamacións, que serán resoltas pola propia Comisión e notificadas polo SRE aos reclamantes persoalmente por correo electrónico e publicadas debidamente.

Unha vez resoltas as reclamacións oportunas, e a partir das propostas dos mesmos, a

Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización elaborará unha proposta global e definitiva dos candidatos que será publicada do mesmo xeito e forma.

Contra esta relación definitiva poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o órgano convocante no prazo dun mes desde a súa publicación.

Aceptacións e Renuncias

No texto da publicación da lista definitiva de bolsas adxudicadas indicaráse o prazo preciso para que os candidatos seleccionados deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito no SRE mediante modelo normalizado que se lle facilitará no propio servizo. As renuncias deberan facerse a maior brevidade, e necesariamente dentro do prazo establecido para que os suplentes poidan acceder ás prazas vacantes.

A partires desa data todos aqueles estudantes que non manifestaran a súa aceptación por escrito consideraranse automaticamente decaídos dos seus dereitos e darase entrada aos posibles suplentes. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen xustificación por parte do interesado serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias de mobilidade Erasmus do SRE.

Obrigas dos alumnos seleccionados

Aceptada a bolsa, o estudante debe poñerse en contacto co SRE de Lugo para presentar e cumprimentar os documentos requeridos:

1. Acordo de Formación (Anexo III): xa asinado polo Responsable de Mobilidade do centro da USC, a empresa de acollida e o estudante. O Acordo é válido unha vez asinada polo coordinador institucional no SRE
2. O alumno debe presentar no SRE a Tarxeta Sanitaria Europea. e no caso de ser requerido pola empresa de acollida na súa carta de aceptación, un seguro de accidentes e de Responsabilidade Civil adecuado para a actividade a desenvolver.
3. O estudante e o responsable do SRE en nome da USC asinarán por duplicado o Convenio Financeiro (Anexo IV) cunhas cláusulas mínimas. Este convenio deberá ser asinado en todo caso antes de incorporarse á empresa de destino.
4. O estudante deberá remitir ao SRE o Certificado de Chegada (Anexo V) debidamente asinado e selado pola empresa de acollida nun prazo de tres días desde que se incorpore a ela. Sen a recepción deste documento, non se procederá ao pago da bolsa e o estudante perderá a súa condición de estudante de Prácticas Erasmus a efectos académicos.
5. O estudante deberá facer cumprimentar, asinar e selar o Certificado de fin de presenza (Anexo VI) polos responsables da empresa de acollida antes de rematar a súa estadía Este certificado orixinal deberá ser entregado no SRE rematada a estadía e en todo caso antes do día 30 de setembro de 2012. O incumprimento deste apartado obrigará ao estudante á devolución total da axuda económica concedida.
6. A efectos de xustificación de gastos, cada estudante que se beneficie dunha destas axudas deberá presentar facturas e comprobantes orixinais dos gastos

- reais ocasionados (locomoción e outras).
7. Unha vez remate o seu período de mobilidade, o bolseiro Erasmus comprométese a remitir ao SRE un informe sobre o seu período de prácticas no estranxeiro segundo o modelo establecido no Anexo VII. Esta é unha condición indispensable para obter o recoñecemento das prácticas.
 8. No caso de estudantes de grao e posgrao cando as prácticas realizadas formen parte íntegra do seu plan de estudos na USC, ao rematar a estadia o estudante entregará no SRE a memoria xustificativa da actividade segundo o modelo facilitado polo coordinador de prácticas do seu centro. O SRE remitirá dita memoria ao centro para a súa avaliación.

Información

Toda a información sobre o programa Erasmus, en particular a relativa ás prácticas de estudantes en empresas, pódese consultar no seguinte enderezo web:
<http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/erasmus/presentacion.html>

Contacto

Servizo de Relacións Exteriores
Edificio Intercentros s/n
27002 Lugo
Tlf. 982823569 / 982823596 Fax: 34982823560
e-mail: relext@usc.es

A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2012



O Vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización
Víctor Millet Schröder

